

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 38 da Lei de contratos do Estado e 119 do seu regulamento.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 1991.

José Luis Aboal García Tuñón  
Secretario Xeral para a Protección Civil

#### Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

*Resolución do 30 de maio de 1991, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se inician expedientes de substitución de concesións de transporte regular de viaxeiros por estrada de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.*

Ó abeiro do establecido na disposición transitoria segunda da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e no Decreto 302/1988, do 3 de novembro, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, iniciáronse os expedientes de substitución de concesións de transporte regular de viaxeiros por estrada que se indican a continuación:

Sada-A Coruña, con anexos: V-1129: XG-064. (Titular: Autocares Eliseo Pita, S.A.).

Os interesados ou afectados nestes expedientes poderán comparecer en forma no procedemento e, logo de exame da documentación pertinente, no Servicio Provincial de Transportes da Coruña (estación de autobuses), efectuar as observacións que coiden oportunas, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*. Os gastos de publicación serán pola conta do peticionario.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 1991.

Manuel Abeledo López  
Director Xeral de Transportes

*Resolución do 10 de xuño de 1991, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se inician expedientes de substitución de concesións de transporte regular de viaxeiros por estrada de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.*

Ó abeiro do establecido na disposición transitoria segunda da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e no Decreto 302/1988, do 3 de novembro, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, iniciáronse os expedientes de substitución de concesións de transporte regular de viaxeiros por estrada que se indican a continuación:

Encoro de Castiñeiras-Pontevedra, con anexos: V-2613: XG-269. (Titular Líneas Pontevedresas de Autobuses, S.L.).

Os interesados ou afectados nestes expedientes poderán comparecer en forma no procedemento e, logo do exame da documentación pertinente, no Servicio Provincial de Transportes de Pontevedra (estación de autobuses), efectuar as observacións que coiden oportunas, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*. Os gastos de publicación serán pola conta do peticionario.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1991.

Manuel Abeledo López  
Director Xeral de Transportes

*Cédula do 20 de maio de 1991, do Servicio Provincial de Transportes de Lugo, de notificación da denuncia do expediente sancionador n.º LU-316-0-91 incoado contra Manuel Rodríguez Fernández.*

Pola presente cédula notifícasele ó denunciado, cos datos e último enderezo coñecido que máis abaixo se sinalan, que se formulou contra el a denuncia que se expresa. Por este motivo, co número que arriba se indica, iniciouse o correspondente expediente sancionador que pode dar lugar á sanción tamén expresada. O que se notifica, facéndolle sabe-lo dereito que o asiste para alegar por escrito ante o Servicio Provincial de Transportes de Lugo o que considere conveniente, aportando ou propondo as probas que estime oportunas, dentro dos quince días hábiles seguintes á publicación desta cédula.

Denunciado: Manuel Rodríguez Fernández.

Último enderezo coñecido: Rego do Campo, 1.ª Travesía, 15; As Pontes (A Coruña).

Denunciante: Garda Civil de Tráfico.

Data e hora da denuncia: 16-4-91 ás 8,45 horas.

Vehículo matrícula: C-6785-AB.

Lugar da denuncia: C-641. Pk. 24.

Feitos: Circular transportando area desde Begonte (Lugo) ás Pontes de García Rodríguez (A Coruña), carecendo da tarxeta de transporte do ano que corre.

Precepto infrinxido: art.º 140 a) da Lei 16/1987.

Precepto sancionador: art.º 143.

Sanción proposta: 250.000 ptas. e precintado do vehículo por 3 meses.

E para que conste e lle sirva de notificación ó denunciado, de descoñecido enderezo, en cumprimento do disposto no art. 80.3 da vixente Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958, expido, asino e selo a presente cédula en Lugo o 20 de maio de 1991.

Antonio Lage Fernández  
Xefe do Servizo Provincial de Transportes

*Cédula do 20 de maio de 1991, do Servizo Provincial de Transportes de Lugo, de notificación da denuncia do expediente sancionador n.º LU-278-0-91 incoado contra Manuel Trabado López.*

Pola presente cédula notifícasele ó denunciado, cos datos e último enderezo coñecido que máis abaixo se sinalan, que se formulou contra el a denuncia que se expresa. Por este motivo, co número que arriba se indica, iniciouse o correspondente expediente sancionador que pode dar lugar á sanción tamén expresada. O que se lle notifica, facéndolle sabe-lo dereito que o asiste para alegar por escrito ante o Servizo Provincial de Transportes de Lugo o que considere conveniente, aportando ou proponendo as probas que coide oportunas, dentro dos quince días hábiles seguintes á publicación desta cédula.

Denunciado: Manuel Trabado López.

Último enderezo coñecido: Bar Vista Alegre. Estación de Servizo. Burela. Cervo (Lugo).

Denunciante: Garda Civil de Tráfico.

Data e hora da denuncia: 3-4-91, ás 9,00 horas.

Vehículo matrícula: LU-8912-RO.

Lugar da denuncia: N-642. P.k. 34.

Feitos: Circular un vehículo dedicado ó transporte privado de mercadorías transportando peixe de Burela a Lugo, carecendo de tarxeta de transportes.

Precepto infrinxido: art.º 141 b) da Lei 16/1987.

Precepto sancionador: art.º 143.

Sanción proposta: 50.000 ptas.

E para que conste e lle sirva de notificación ó denunciado, de descoñecido enderezo, en cumprimento do disposto no art. 80.3 da vixente Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958, expido, asino e selo a presente cédula en Lugo o 20 de maio de 1991.

Antonio Lage González  
Xefe do Servizo Provincial de Transportes

*Cédula do 7 de xuño de 1991, da Xefatura Provincial de Transportes de Ourense, de notificación da resolución sancionadora do expediente sancionador n.º OR-00519-0-90 incoado contra Manuel Rodríguez Salgado.*

Pola presente notifícasele ó denunciado (a) que ten o último enderezo coñecido que se sinala, a resolución de sanción; dictada polo director xeral de Transportes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, facultado polo Decreto 147/1986, do 17 de abril (DOG do 28 de maio), recaído no expediente citado.

N.º de expediente: OR-00519-0-90.

Denunciado: Manuel Rodríguez Salgado.

Vehículo matrícula: OR-30763.

Último enderezo coñecido: Rosalía de Castro, 19, Verín (Ourense).

Precepto infrinxido: art. 141 b) e 103 LOTT.

Sanción: 41.000 ptas.

Feito sancionado: Realizar transporte privado de mercadorías carecendo de autorización administrativa.

Fáiselle sabe-lo dereito que o asiste para interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, dentro dos quince (15) días hábiles seguintes á publicación da presente cédula.

E para que sirva de notificación, en cumprimento do disposto no artigo 80.3 da vixente Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958 (BOE do 18 de xullo), expido, asino e selo a presente cédula en

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 1991.

Manuel Abeledo López  
Xefe do Servizo Provincial de Transportes

*Cédula do 7 de xuño de 1991, da Xefatura Provincial de Transportes da Coruña, de notificación da resolución sancionadora do expediente sancionador n.º XC-00868-0-90 incoado contra E. Vázquez Salina e J. Carballo Aguiar CB.*

Pola presente cédula notifícasele ó denunciado (a) que ten o último enderezo coñecido que se sinala, a resolución de sanción; dictada polo director xeral de Transportes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, facultado polo Decreto 147/1986, do 17 de abril (DOG do 28 de maio), recaído no expediente citado.

N.º de expediente: XC-00868-0-90;

Denunciado: E. Vázquez Salina y J. Carballo Aguiar CB.

Vehículo matrícula: C-8139-AD.